

Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán do 2024

Asinado en Santiago de Compostela o 17/07/2024

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio) atribúelle a este departamento as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local, así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

O artigo 29 do mesmo decreto establece que é competencia da Dirección Xeral de Administración Local, as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder municipal, así como o fomento das liñas de colaboración cos concellos galegos no referente á convocatoria e execución das subvencións a eles destinados.

Os concellos deberán prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial; con este obxectivo, así como co de obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega, promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia (que veu substituír á Lei 3/1992, do 23 de marzo), na que se prevé que se poderá incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de efectivos con funcións de auxiliar de policía, naqueles concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas.

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas; entre estas, a da seguridade en lugares públicos.

No marco xurídico descrito, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos como Administración máis próxima aos administrados; por este motivo, atopa de interese colaborar cos concellos turísticos de Galicia no reforzamento da vixilancia e da seguridade durante a tempada de verán, aumentando a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lle son propias.

Esta colaboración concrétase no apoio á contratación de persoal auxiliar de policía local durante a tempada de verán, de xeito que se preste un mellor servizo á poboación que reside neses concellos e, en termos xerais, ao conxunto da poboación de Galicia. E asemade, préstase un apoio inequívoco ao mantemento dun importante tecido

socioeconómico e da prestación de servizos e á mellora da convivencia no ámbito local, que é o máis próximo á cidadanía e que incide de xeito máis directo na poboación.

Non podemos esquecer que ás dificultades que para as facendas municipais representa afrontar os compromisos económicos do reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán úneselle a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos nun contexto de estabilidade orzamentaria que atinxe a todas as administracións públicas, sen que a Administración local constitúa unha excepción neste sentido. Neste escenario, a Xunta de Galicia, no marco do fomento das liñas de colaboración coas entidades locais, apoia activamente o significativo esforzo en materia de seguridade cidadá e vixilancia que os concellos deben realizar, esforzo directamente relacionado co notorio incremento poboacional de carácter estacional do que é representativo o número de prazas de aloxamento con que estes concellos contan.

É nestes concellos onde se pon de manifesto a especial necesidade de protexer e de velar pola seguridade da cidadanía, aspecto no que os corpos de policía desempeñan, obviamente, un labor esencial; é por iso que a Xunta de Galicia quere apoiar mediante este plan o reforzamento dos cadros de persoal coa contratación temporal de efectivos con funcións de auxiliar de policía.

O Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades galegas (de aplicación ás subvencións concedidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos beneficiarios sexan as entidades locais galegas), contempla que o órgano competente para a concesión de subvencións poida elaborar un plan específico para liñas especiais de subvencións de carácter singular dirixidas ás entidades locais, cando existan razóns de interese público, social, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria e así se recolla no plan.

Este plan específico deberá ter carácter programático, referido a un ámbito territorial concreto, a un tipo de beneficiarios, actuacións preferentes ou outros obxectivos e cuxo contido non creará dereitos nin obrigas.

En atención ao anteriormente exposto, estimando que concorren as circunstancias de interese público xa descritas,

DISPOÑO:

Aprobar o Plan Específico de Subvencións a concellos de Galicia para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2024, que se insire como anexo I.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

ANEXO I

PLAN ESPECÍFICO DE SUBVENCIONES PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024

Primeiro. Obxectivos, efectos e prazo necesario para a súa consecución

Este plan ten como obxectivo contribuír no desenvolvemento das funcións propias dos corpos de policía local, mediante o establecemento de axudas ás contratacións de persoal realizadas con carácter temporal para o desempeño das funcións de auxiliar de policía naqueles concellos turísticos galegos que experimentan unha maior afluencia estacional de poboación, para incrementar a eficacia dos seus corpos de policía local durante a tempada de verán do ano 2024.

O período das contratacións deberá estar comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2024.

Segundo. Razóns de interese público

Correspóndelle ás comunidades autónomas coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial, de acordo coa Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade. Neste marco básico, promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega. O artigo 95 desta mesma lei prevé a posibilidade de incrementar transitoriamente o cadro de persoal, mediante a contratación de efectivos con funcións de auxiliar de policía, naqueles concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas.

Os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O incremento estacional de poboación en determinados núcleos de poboación de Galicia durante a tempada de verán, vinculado ao seu carácter de concellos turísticos e á súa capacidade en prazas de aloxamento, require un esforzo adicional para atender a demanda dunha seguridade pública reforzada, que responda con garantías a estas específicas condicións estacionais; esforzo que se concreta no recurso á contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía, figura recollida no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, xa citada.

Tal e como se manifestou na exposición de motivos, non podemos esquecer que, ás dificultades que para as facendas municipais representa afrontar os compromisos económicos do reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán, úneselle a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos

públicos nun contexto de estabilidade orzamentaria que atinxe a todas as administracións públicas, sen que a Administración local constitúa unha excepción neste sentido.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos o de potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima á cidadanía; por este motivo, considera de interese reforzar a vixilancia e a seguridade naqueles municipios turísticos de Galicia con maior incremento poboacional estacional, co fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lle son propias durante a tempada de verán 2024 (xuño, xullo, agosto e setembro). Asemade, esta actuación representa unha medida de apoio ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e á prestación de servizos, que redundará na mellora da calidade de vida local cunha incidencia directa na vida da cidadanía.

É nestes concellos onde se pon de manifesto a especial necesidade de protexer e de velar pola seguridade da poboación, aspecto no que os corpos de policía desempeñan un labor esencial.

Neste contexto, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atopa de interese público apoiar o significativo esforzo en materia de seguridade cidadá e vixilancia que os concellos deben realizar para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, mediante o establecemento dun plan específico de subvencións no marco do fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Xa que logo, o obxecto das axudas é atender as circunstancias específicas destes concellos turísticos vinculadas ao notorio incremento poboacional de carácter estacional na tempada de verán, de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A conxuntura e contexto descritos, a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos no marco de estabilidade orzamentaria, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no reforzamento da seguridade nos concellos de elevada afluencia turística e, en definitiva, na eliminación de carencias nos servizos municipais sobre os que se actuará a través das subvencións que se pretende conceder, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa de subvencións para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2024 naqueles municipios de Galicia cun maior incremento estacional de poboación vinculado ao seu carácter de concellos turísticos e á capacidade en prazas de aloxamento.

Terceiro. Posibles beneficiarios e modalidades de axuda

As subvencións irán destinadas a aqueles concellos turísticos de Galicia cun elevado incremento poboacional que vaian realizar contratacións de auxiliares de policía local para o reforzo do corpo durante a tempada de verán 2024.

A selección dos concellos subvencionados realízase con base no cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Que teñan unha **poboación igual ou superior a 5.000 habitantes**, segundo as cifras oficiais de poboación de 2023 ofrecidas polo Instituto Galego de Estatística desde o padrón municipal de habitantes.

2. Que experimenten na tempada de verán un incremento estacional de poboación medido polo número de prazas de aloxamento, cun **mínimo de 1.000** entre hoteis, pensións, albergues turísticos, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos, campamentos de turismo e vivendas turísticas. Para a determinación deste requisito utilizaranse os últimos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, procedentes da Axencia de Turismo de Galicia e referidos ao último ano dispoñible (2024).
3. Que estean en posesión da **declaración de municipio turístico galego**, de conformidade co establecido no Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico (DOG núm. 41, do 2 de marzo).
4. Que contén cun **corpo de policía local**, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
5. Que participen no **proceso selectivo unitario** para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 12 de marzo de 2024 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local. Código de procedemento PR461A (DOG núm. 55, do 18 de marzo).

Alternativamente, que teñan convocado procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local e **remitiran as bases reguladoras** para a emisión de ditame pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Incorpórase a este plan, como anexo I, un cadro cos datos anteriormente relacionados de cada un dos 313 concellos de Galicia.

De conformidade cos requisitos indicados, resultan seleccionados e serán os destinatarios das axudas recollidas neste plan, os concellos seguintes:

Concello	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Baiona	4.987	12.407	31/05/1999	SI	14	PSU
Cambados	2.327	13.681	03/01/2000	SI	16	PSU
Cangas	4.893	26.807	15/06/2001	SI	15	PSU
Grove, O	10.216	10.828	03/01/2000	SI	11	PSU
Guarda, A	2.837	9.998	15/06/2001	SI	5	PSU
Miño	1.873	6.753	10/10/2000	SI	3	PSU
Monforte de Lemos	1.282	18.234	03/01/2000	SI	19	BBRR
Pobra do Caramiñal, A	1.662	9.227	10/08/2004	SI	7	PSU
Poio	4.204	17.297	02/06/2000	SI	12	PSU
Sanxenxo	29.918	17.854	31/05/1999	SI	25	PSU
Vilagarcía de Arousa	2.983	37.689	24/08/2004	SI	41	PSU

Estes concellos deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos, que acreditarán con carácter previo á formalización do convenio:

- a. Teren remitida a conta xeral do exercicio orzamentario 2022 ao Consello de Contas de Galicia. Este requisito deberá estar cumprido o 31 de maio de 2024, é dicir, antes do comezo do período subvencionable.
- b. Non estaren incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto. Custos previsibles e fontes de financiamento

1. Para a consecución do obxectivo a que se refire este plan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes destinará ata un máximo de CENTO CORENTA E CINCO MIL EUROS (145.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 35.04.141A.460.0 (C.P. 2015 00095), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.
2. Consideraranse gastos subvencionables aqueles en que incorrese o concello como consecuencia da contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro de 2024), aínda que se teñan producido con anterioridade á sinatura do convenio, sempre que se trate de gastos correspondentes ao período subvencionable.
3. O número de contratos temporais que efectúe o concello e que subvencionará a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, non poderá superar o cincuenta por cento do persoal funcionario da policía local do concello peticionario, coa excepción prevista no artigo 95.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

Quinto. Criterios de repartición

Os criterios de repartición teñen como finalidade a de colaborar cos concellos turísticos de Galicia con maior afluencia estacional de poboación (medida en número de prazas de aloxamento) na contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2024, sen prexuízo do que se estableza no convenio de colaboración específico con cada un dos concellos beneficiarios; para acadar este obxectivo prevense unhas achegas máximas de:

- a. Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 75% sobre o total de poboación: 21.500,00 € (Sanxenxo e O Grove)
- b. Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 40% sobre o total de poboación: 18.500,00 € (Baiona)
- c. Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 20% sobre o total de poboación: 12.500,00 € (A Guarda, Miño e Poio).
- d. Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 15% sobre o total de poboación: 10.000,00 € (Cangas, A Pobra do Caramiñal e Cambados).
- e. Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente unha porcentaxe igual ou inferior ao 15% sobre o total de poboación: 8.000,00 € (Vilagarcía de Arousa e Monforte de Lemos)

Concello	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Importe da subvención
Sanxenxo	29.918	17.854	167,57%	21.500,00 €
Grove, O	10.216	10.828	94,35%	21.500,00 €
Baiona	4.987	12.407	40,20%	18.500,00 €
Guarda, A	2.837	9.998	28,38%	12.500,00 €
Miño	1.873	6.753	27,74%	12.500,00 €
Poio	4.204	17.297	24,30%	12.500,00 €
Cangas	4.893	26.807	18,25%	10.000,00 €
Pobra do Caramiñal, A	1.662	9.227	18,01%	10.000,00 €
Cambados	2.327	13.681	17,01%	10.000,00 €
Vilagarcía de Arousa	2.983	37.689	7,91%	8.000,00 €
Monforte de Lemos	1.282	18.234	7,03%	8.000,00 €
TOTAL				145.000,00 €

Con carácter previo á concesión das axudas, que se producirá mediante a subscripción do correspondente convenio nos termos previstos no punto seguinte, os concellos deberán remitir a seguinte documentación:

1. Orzamento detallado das contratacións, asinado electronicamente pola persoa representante da entidade local.
2. Certificado, emitido e asinado electronicamente pola persoa secretaria do concello, de ter remitido as contas do exercicio orzamentario 2022 ao Consello de Contas de Galicia.

Este requisito deberá estar cumprido o 31 de maio de 2024, é dicir, antes do comezo do período subvencionable, polo que deberá facerse constar a data de remisión no propio certificado.

3. Declaración responsable, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local, na que faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a contratación deste persoal, de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.
 - Que o concello non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro, para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia.

Sexto. Instrumento de concesión das subvencións

Para a canalización das subvencións previstas neste plan específico, de conformidade co previsto no artigo 5.3 do Decreto 193/2011, do 7 de outubro, formalizarase o correspondente convenio de colaboración con cada un dos concellos. Estes convenios axustaranse ao modelo incorporado ao plan específico como anexo II, que respecta o contido mínimo fixado polo devandito precepto regulamentario.

Mediante estes convenios contraeranse os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para colaborar nas referidas contratacións.

Sétimo. Órgano instrutor

A Dirección Xeral de Administración Local será o órgano competente para a instrución dos procedementos que deriven da aplicación deste plan específico de subvencións; en particular, corresponderalle a realización dos trámites necesarios e a obtención da documentación que os concellos deban achegar para a formalización dos convenios previstos neste plan.

ANEXO I – DATOS 2024

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Abadín	Lugo	0	30	141	0	0	0	13	184	2.203	8,35%	NON	NON		N/A
Abegondo	A Coruña	16	11	0	14	0	0	80	121	5.584	2,17%	NON	SI	1	NON
Agolada	Pontevedra	0	0	0	31	0	0	0	31	2.254	1,38%	NON	NON		N/A
Alfoz	Lugo	18	0	0	8	0	0	65	91	1.553	5,86%	NON	NON		N/A
Allariz	Ourense	111	64	0	42	209	0	256	682	6.378	10,69%	03/01/2000	SI	2	NON
Ames	A Coruña	51	43	86	38	0	22	602	842	32.482	2,59%	NON	SI	24	NON
Amoeiro	Ourense	0	0	0	24	0	0	40	64	2.391	2,68%	NON	NON		N/A
Antas de Ulla	Lugo	21	21	95	0	0	0	5	142	1.887	7,53%	NON	NON		N/A
Aranga	A Coruña	0	0	0	0	0	0	12	12	1.815	0,66%	NON	NON		N/A
Arbo	Pontevedra	0	23	0	63	0	24	22	132	2.647	4,99%	NON	NON		N/A
Ares	Ferrol	0	21	0	0	384	14	453	872	6.132	14,22%	NON	SI	4	BBRR
Arnoia, A	Ourense	95	10	0	53	0	0	17	175	1.002	17,47%	NON	NON		N/A
Arteixo	A Coruña	415	148	0	6	180	0	211	960	33.516	2,86%	NON	SI	33	PSU
Arzúa	A Coruña	229	444	997	214	166	56	587	2.693	5.901	45,64%	NON	SI	2	NON
Avión	Ourense	0	0	0	15	0	0	0	15	1.754	0,86%	NON	NON		N/A
Baiona	Vigo	781	118	38	20	1.933	100	1.997	4.987	12.407	40,20%	31/05/1999	SI	14	PSU
Baleira	Lugo	24	55	83	0	0	4	19	185	1.153	16,05%	NON	NON		N/A
Baltar	Ourense	0	17	0	32	0	0	14	63	884	7,13%	NON	NON		N/A
Bande	Ourense	0	0	68	8	0	28	0	104	1.482	7,02%	NON	NON		N/A
Baña, A	A Coruña	0	0	0	33	0	22	40	95	3.332	2,85%	NON	NON		N/A
Baños de Molgas	Ourense	201	0	35	0	0	0	29	265	1.535	17,26%	NON	NON		N/A
Baralla	Lugo	0	28	0	0	0	0	64	92	2.484	3,70%	NON	NON		N/A
Barbadás	Ourense	68	0	0	16	0	0	69	153	11.140	1,37%	NON	SI	6	PSU
Barco de Valdeorras, O	Ourense	217	193	0	0	0	14	51	475	13.277	3,58%	NON	SI	16	PSU
Barreiros	Lugo	203	218	0	72	1.163	81	2.285	4.022	3.020	133,18%	NON	NON		N/A

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Barro	Pontevedra	0	49	0	9	0	0	136	194	3.651	5,31%	NON	NON		N/A
Beade	Ourense	0	8	0	0	0	0	10	18	364	4,95%	NON	NON		N/A
Beariz	Ourense	0	0	0	6	0	0	28	34	946	3,59%	NON	NON		N/A
Becerreá	Lugo	14	85	0	10	0	20	45	174	2.711	6,42%	NON	NON		N/A
Begonte	Lugo	0	44	70	0	0	0	14	128	2.925	4,38%	NON	NON		N/A
Bergondo	A Coruña	148	73	0	0	730	0	213	1.164	6.951	16,75%	NON	SI	3	PSU
Betanzos	A Coruña	91	56	86	0	0	12	240	485	13.082	3,71%	27/12/2000	SI	17	NON
Blancos, Os	Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	716	0,00%	NON	NON		N/A
Boborás	Ourense	6	18	0	31	0	0	8	63	2.232	2,82%	NON	NON		N/A
Boimorto	A Coruña	46	18	61	24	0	19	46	214	1.849	11,57%	NON	NON		N/A
Boiro	A Coruña	148	142	0	52	141	14	1.365	1.862	18.984	9,81%	NON	SI	14	PSU
Bola, A	Ourense	0	0	0	0	0	0	26	26	1.069	2,43%	NON	NON		N/A
Bolo, O	Ourense	0	14	0	16	0	0	3	33	806	4,09%	NON	NON		N/A
Boqueixón	A Coruña	13	13	18	20	0	24	72	160	4.146	3,86%	NON	NON		N/A
Bóveda	Lugo	0	59	0	10	0	0	26	95	1.405	6,76%	NON	NON		N/A
Brión	A Coruña	161	0	0	0	0	0	196	357	8.145	4,38%	NON	SI	3	NON
Bueu	Pontevedra	143	115	0	32	236	76	1.949	2.551	11.922	21,40%	NON	SI	7	NON
Burela	Lugo	253	118	0	0	0	25	681	1.077	9.454	11,39%	NON	SI	8	NON
Cabana de Bergantiños	A Coruña	192	29	0	23	0	31	521	796	4.123	19,31%	NON	SI	0	NON
Cabanas	Ferrol	282	140	16	0	0	21	126	585	3.300	17,73%	NON	SI	1	NON
Caldas de Reis	Pontevedra	555	333	325	54	0	0	505	1.772	9.620	18,42%	NON	SI	12	NON
Calvos de Randín	Ourense	0	0	0	0	0	0	22	22	679	3,24%	NON	NON		N/A
Camariñas	A Coruña	103	185	10	0	0	0	1.096	1.394	5.151	27,06%	NON	SI	3	PSU
Cambados	Pontevedra	649	182	0	124	0	63	1.309	2.327	13.681	17,01%	03/01/2000	SI	16	PSU
Cambre	A Coruña	60	82	0	0	0	0	135	277	24.739	1,12%	NON	SI	23	NON
Campo Lameiro	Pontevedra	0	10	0	20	0	0	74	104	1.723	6,04%	NON	NON		N/A
Cangas	Vigo	311	170	0	73	800	391	3.148	4.893	26.807	18,25%	15/06/2001	SI	15	PSU

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Cañiza, A	Pontevedra	72	0	0	57	217	62	117	525	5.090	10,31%	NON	SI	1	PSU
Capela, A	Ferrol	45	26	16	24	0	0	8	119	1.185	10,04%	NON	NON		N/A
Carballeda de Avia	Ourense	0	0	0	0	0	0	12	12	1.218	0,99%	NON	NON		N/A
Carballeda de Valdeorras	Ourense	40	24	26	0	0	8	12	110	1.373	8,01%	NON	NON		N/A
Carballedo	Lugo	24	0	29	6	0	0	37	96	2.080	4,62%	NON	NON		N/A
Carballiño, O	Ourense	459	119	0	0	81	20	137	816	13.968	5,84%	03/01/2000	SI	12	NON
Carballo	A Coruña	267	110	19	44	561	60	479	1.540	31.416	4,90%	NON	SI	25	PSU
Cariño	Ferrol	82	33	0	20	0	0	391	526	3.769	13,96%	NON	SI	2	NON
Carnota	A Coruña	58	131	24	31	14	109	1.799	2.166	3.815	56,78%	NON	SI	3	NON
Carral	A Coruña	0	21	29	22	0	0	39	111	6.700	1,66%	NON	SI	5	NON
Cartelle	Ourense	0	0	16	0	0	0	40	56	2.521	2,22%	NON	NON		N/A
Castrelo de Miño	Ourense	0	0	0	0	0	0	79	79	1.337	5,91%	NON	NON		N/A
Castrelo do Val	Ourense	0	20	12	21	0	0	0	53	989	5,36%	NON	NON		N/A
Castro Caldelas	Ourense	27	25	0	10	0	2	161	225	1.222	18,41%	NON	NON		N/A
Castro de Rei	Lugo	31	10	0	0	0	12	14	67	5.015	1,34%	NON	NON		N/A
Castroverde	Lugo	0	37	37	31	0	12	18	135	2.548	5,30%	NON	NON		N/A
Catoira	Pontevedra	60	0	0	47	0	45	100	252	3.289	7,66%	NON	NON		N/A
Cedeira	Ferrol	32	101	0	32	0	12	724	901	6.529	13,80%	09/07/2009	SI	4	PSU
Cee	A Coruña	264	146	126	45	800	33	782	2.196	7.660	28,67%	NON	SI	8	NON
Celanova	Ourense	91	10	0	26	0	0	64	191	5.709	3,35%	28/02/2000	SI	8	NON
Cenlle	Ourense	196	0	20	14	0	0	43	273	1.087	25,11%	NON	NON		N/A
Cerceda	A Coruña	0	20	0	0	0	0	28	48	5.058	0,95%	NON	SI	7	NON
Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	36	19	0	52	76	41	276	500	5.687	8,79%	NON	NON		N/A
Cerdido	Ferrol	0	0	0	10	0	0	11	21	1.033	2,03%	NON	NON		N/A
Cervantes	Lugo	40	52	0	47	168	17	14	338	1.209	27,96%	NON	NON		N/A
Cervo	Lugo	58	137	0	14	0	0	266	475	4.200	11,31%	NON	SI	1	NON

Concello	Delegación Territorial	Hoteles	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Chandrexa de Queixa	Ourense	0	14	20	15	0	21	11	81	493	16,43%	NON	NON		N/A
Chantada	Lugo	98	100	46	106	0	32	325	707	8.006	8,83%	03/01/2000	SI	7	BBRR
Coirós	A Coruña	0	14	0	10	0	0	39	63	1.923	3,28%	NON	NON		N/A
Coles	Ourense	0	35	0	38	0	0	43	116	3.176	3,65%	NON	NON		N/A
Corcubión	A Coruña	44	16	8	0	0	77	553	698	1.647	42,38%	27/12/2000	NON		N/A
Corgo, O	Lugo	81	10	0	17	0	0	16	124	3.396	3,65%	NON	NON		N/A
Coristanco	A Coruña	0	11	0	14	0	0	77	102	5.779	1,77%	NON	SI	4	NON
Cortegada	Ourense	12	23	0	0	0	0	22	57	1.032	5,52%	NON	NON		N/A
Coruña, A	A Coruña	3.807	1.042	0	0	0	232	5.849	10.930	247.376	4,42%	NON	SI	324	NON
Cospeito	Lugo	0	16	0	29	0	18	51	114	4.257	2,68%	NON	NON		N/A
Covelo	Pontevedra	63	24	62	30	131	0	125	435	2.426	17,93%	NON	NON		N/A
Crecente	Pontevedra	0	6	0	44	0	0	51	101	1.978	5,11%	NON	NON		N/A
Cualedro	Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	1.606	0,00%	NON	NON		N/A
Culleredo	A Coruña	405	219	0	16	0	0	122	762	30.864	2,47%	NON	SI	27	NON
Cuntis	Pontevedra	255	95	0	38	0	0	91	479	4.549	10,53%	NON	SI	2	NON
Curtis	A Coruña	36	40	0	8	0	0	0	84	4.135	2,03%	NON	NON		N/A
Dodro	A Coruña	57	0	17	20	0	0	80	174	2.659	6,54%	NON	NON		N/A
Dozón	Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0	1.017	0,00%	NON	NON		N/A
Dumbría	A Coruña	13	55	211	22	16	20	307	644	2.856	22,55%	NON	NON		N/A
Entrimo	Ourense	28	54	0	30	160	0	40	312	1.098	28,42%	NON	NON		N/A
Esgos	Ourense	0	0	0	0	0	0	21	21	1.099	1,91%	NON	NON		N/A
Estrada, A	Pontevedra	42	91	28	220	0	0	349	730	20.081	3,64%	NON	SI	16	PSU
Fene	Ferrol	72	59	0	0	0	10	80	221	12.561	1,76%	NON	SI	12	NON
Ferrol	Ferrol	759	218	169	0	0	0	976	2.122	63.890	3,32%	NON	SI	89	NON
Fisterra	A Coruña	478	209	426	8	0	131	1.964	3.216	4.697	68,47%	28/02/2000	SI	2	NON
Folgoso do Courel	Lugo	0	34	36	120	148	10	112	460	1.004	45,82%	12/03/2020	NON		N/A
Fonsagrada, A	Lugo	32	87	187	68	166	72	14	626	3.186	19,65%	NON	SI	1	NON

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensión s	Albergue s turísticos	Turism o rural	Campamento s de turismo	Apartamento s turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento o (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivo s 2024
Forcarei	Pontevedra	18	31	0	58	0	0	72	179	3.186	5,62%	NON	NON		N/A
Fornelos de Montes	Vigo	0	0	0	26	0	0	30	56	1.647	3,40%	NON	NON		N/A
Foz	Lugo	373	150	70	34	558	228	2.954	4.367	10.163	42,97%	26/07/2005	SI	9	NON
Frades	A Coruña	0	21	0	0	0	0	16	37	2.246	1,65%	NON	NON		N/A
Friol	Lugo	61	36	90	0	0	0	46	233	3.616	6,44%	NON	NON		N/A
Gomesende	Ourense	0	0	0	17	0	0	27	44	667	6,60%	NON	NON		N/A
Gondomar	Vigo	42	64	0	22	0	64	517	709	15.043	4,71%	NON	SI	10	PSU
Grove, O	Pontevedra	2.901	484	0	0	2.774	467	3.590	10.216	10.828	94,35%	03/01/2000	SI	11	PSU
Guarda, A	Pontevedra	428	73	16	10	1.443	107	760	2.837	9.998	28,38%	15/06/2001	SI	5	PSU
Gudiña, A	Ourense	132	37	69	0	0	0	4	242	1.180	20,51%	NON	NON		N/A
Guitiriz	Lugo	236	83	0	12	96	0	47	474	5.194	9,13%	NON	SI	2	NON
Guntín	Lugo	0	35	34	0	0	8	19	96	2.551	3,76%	NON	NON		N/A
Illa de Arousa, A	Pontevedra	42	74	0	0	615	24	1.013	1.768	4.876	36,26%	NON	SI	3	PSU
Incio, O	Lugo	35	6	0	8	0	6	34	89	1.524	5,84%	NON	NON		N/A
Irixo, O	Ourense	0	0	0	0	0	0	65	65	1.391	4,67%	NON	NON		N/A
Irixoa	A Coruña	14	11	14	0	0	0	57	96	1.316	7,29%	NON	NON		N/A
Lalín	Pontevedra	335	100	40	36	0	14	114	639	20.282	3,15%	NON	SI	15	NON
Lama, A	Pontevedra	69	17	0	24	0	0	117	227	2.520	9,01%	NON	NON		N/A
Láncara	Lugo	0	0	0	20	0	18	7	45	2.492	1,81%	NON	NON		N/A
Laracha, A	A Coruña	35	85	0	9	0	0	216	345	11.543	2,99%	NON	SI	6	PSU
Larouco	Ourense	0	0	0	0	0	0	10	10	444	2,25%	NON	NON		N/A
Laxe	A Coruña	242	79	0	20	16	65	742	1.164	2.939	39,61%	10/12/2007	SI	1	NON
Laza	Ourense	0	18	47	8	0	15	0	88	1.167	7,54%	NON	NON		N/A
Leiro	Ourense	49	28	0	24	0	0	28	129	1.481	8,71%	03/01/1999	NON		N/A
Lobeira	Ourense	0	0	0	0	0	0	31	31	768	4,04%	NON	NON		N/A
Lobios	Ourense	310	28	0	19	0	132	119	608	1.786	34,04%	NON	NON		N/A
Lourenzá	Lugo	0	78	149	0	0	18	106	351	2.115	16,60%	NON	NON		N/A

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Lousame	A Coruña	0	0	14	22	0	0	88	124	3.145	3,94%	NON	NON		N/A
Lugo	Lugo	1.660	490	242	27	0	549	1.244	4.212	98.214	4,29%	24/05/2006	SI	92	NON
Maceda	Ourense	11	79	0	0	0	24	16	130	2.878	4,52%	NON	SI	1	NON
Malpica de Bergantiños	A Coruña	44	116	0	31	553	0	860	1.604	5.241	30,60%	NON	SI	5	PSU
Manzaneda	Ourense	0	17	14	21	0	0	12	64	832	7,69%	NON	NON		N/A
Mañón	Ferrol	57	77	12	0	0	0	340	486	1.244	39,07%	NON	NON		N/A
Marín	Pontevedra	76	26	18	6	0	0	1.038	1.164	24.197	4,81%	NON	SI	26	PSU
Maside	Ourense	0	0	0	0	0	0	44	44	2.743	1,60%	NON	NON		N/A
Mazaricos	A Coruña	32	42	176	18	62	11	122	463	3.737	12,39%	NON	NON		N/A
Meaño	Pontevedra	428	150	0	12	0	156	393	1.139	5.258	21,66%	NON	SI	1	PSU
Meira	Lugo	0	17	0	28	0	0	4	49	1.753	2,80%	NON	NON		N/A
Meis	Pontevedra	120	73	17	36	0	0	503	749	4.706	15,92%	NON	NON		N/A
Melide	A Coruña	166	292	528	66	0	0	301	1.353	7.553	17,91%	NON	SI	5	PSU
Melón	Ourense	0	0	0	0	0	0	22	22	1.123	1,96%	NON	NON		N/A
Merca, A	Ourense	0	22	0	0	0	18	6	46	1.954	2,35%	NON	NON		N/A
Mesía	A Coruña	0	0	45	28	0	0	10	83	2.418	3,43%	NON	NON		N/A
Mezquita, A	Ourense	157	34	0	12	0	0	0	203	1.007	20,16%	NON	NON		N/A
Miño	A Coruña	84	40	21	11	806	0	911	1.873	6.753	27,74%	10/10/2000	SI	3	PSU
Moaña	Vigo	127	97	22	0	0	24	1.033	1.303	19.315	6,75%	NON	SI	18	PSU
Moeche	Ferrol	0	15	0	12	0	0	11	38	1.206	3,15%	NON	NON		N/A
Mondariz	Pontevedra	50	27	0	33	0	0	252	362	4.444	8,15%	NON	SI	2	NON
Mondariz-Balneario	Pontevedra	502	0	0	0	0	0	170	672	703	95,59%	31/05/1999	NON		N/A
Mondoñedo	Lugo	33	157	104	37	0	28	122	481	3.439	13,99%	03/01/2000	SI	2	PSU
Monfero	Ferrol	12	0	0	48	122	15	6	203	1.838	11,04%	NON	NON		N/A
Monforte de Lemos	Lugo	355	123	66	0	0	48	690	1.282	18.234	7,03%	03/01/2000	SI	19	BBRR
Montederramo	Ourense	0	0	7	10	0	0	69	86	688	12,50%	NON	NON		N/A

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Monterrei	Ourense	69	0	0	12	0	0	11	92	2.424	3,80%	03/01/1999	NON		N/A
Monterroso	Lugo	73	29	58	59	84	0	28	331	3.593	9,21%	NON	NON		N/A
Moraña	Pontevedra	0	0	0	8	0	0	91	99	4.126	2,40%	NON	NON		N/A
Mos	Vigo	116	50	49	0	0	0	94	309	15.076	2,05%	NON	SI	7	NON
Mugardos	Ferrol	0	0	0	0	0	16	65	81	5.228	1,55%	NON	SI	3	NON
Muiños	Ourense	0	0	30	23	300	32	53	438	1.439	30,44%	NON	NON		N/A
Muras	Lugo	0	0	0	0	0	0	8	8	600	1,33%	NON	NON		N/A
Muros	A Coruña	65	390	34	6	669	131	1.203	2.498	8.251	30,28%	08/10/2015	SI	5	NON
Muxía	A Coruña	210	275	253	65	730	322	954	2.809	4.450	63,12%	NON	SI	2	NON
Narón	Ferrol	509	213	0	0	42	0	122	886	39.051	2,27%	NON	SI	35	NON
Navia de Suarna	Lugo	19	20	0	0	0	19	4	62	988	6,28%	NON	NON		N/A
Neda	Ferrol	0	18	26	16	0	0	35	95	4.910	1,93%	NON	SI	2	NON
Negreira	A Coruña	161	50	294	0	0	0	127	632	6.901	9,16%	NON	SI	5	NON
Negueira de Muíñiz	Lugo	0	0	26	10	0	0	2	38	240	15,83%	NON	NON		N/A
Neves, As	Pontevedra	25	28	0	8	0	0	56	117	3.739	3,13%	NON	SI	1	NON
Nigrán	Vigo	312	290	30	18	1.581	112	1.823	4.166	18.045	23,09%	24/08/2004	SI	15	NON
Nogais, As	Lugo	14	45	0	24	0	0	17	100	958	10,44%	NON	NON		N/A
Nogueira de Ramuín	Ourense	218	0	0	58	0	0	181	457	2.085	21,92%	03/01/2000	NON		N/A
Noia	A Coruña	264	112	0	29	0	28	357	790	14.115	5,60%	NON	SI	14	PSU
Oia	Pontevedra	417	7	62	28	916	0	336	1.766	3.104	56,89%	NON	NON		N/A
Oímbra	Ourense	0	0	0	0	0	0	6	6	1.730	0,35%	NON	NON		N/A
Oleiros	A Coruña	796	87	0	0	434	240	499	2.056	37.809	5,44%	NON	SI	26	BBRR
Ordes	A Coruña	219	30	44	21	0	0	71	385	12.669	3,04%	NON	SI	9	NON
Oroso	A Coruña	0	111	76	0	0	0	214	401	7.622	5,26%	NON	SI	3	NON
Ortigueira	Ferrol	88	174	0	79	0	21	743	1.105	5.477	20,18%	NON	SI	3	NON
Ourense	Ourense	1.115	235	110	0	0	72	1.744	3.276	104.250	3,14%	NON	SI	108	NON
Ourol	Lugo	0	0	0	39	0	0	10	49	980	5,00%	NON	NON		N/A

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Outeiro de Rei	Lugo	88	128	0	29	0	0	26	271	5.359	5,06%	NON	NON		N/A
Outes	A Coruña	96	117	0	66	0	84	318	681	6.082	11,20%	NON	SI	3	NON
Oza-Cesuras	A Coruña	20	0	0	38	0	0	147	205	5.203	3,94%	NON	NON		N/A
Paderne	A Coruña	0	18	0	29	0	6	100	153	2.436	6,28%	NON	NON		N/A
Paderne de Allariz	Ourense	0	0	0	0	0	0	5	5	1.368	0,37%	NON	NON		N/A
Padrenda	Ourense	0	0	0	0	0	0	8	8	1.614	0,50%	NON	NON		N/A
Padrón	A Coruña	390	188	336	24	0	0	521	1.459	8.355	17,46%	28/02/2000	SI	7	NON
Palas de Rei	Lugo	132	520	774	97	0	48	135	1.706	3.346	50,99%	18/02/2015	SI	1	NON
Pantón	Lugo	253	20	0	129	0	36	209	647	2.423	26,70%	21/03/2019	NON		N/A
Parada de Sil	Ourense	16	96	36	36	193	0	66	443	520	85,19%	24/04/2015	NON		N/A
Paradela	Lugo	0	16	107	12	0	12	7	154	1.638	9,40%	NON	NON		N/A
Páramo, O	Lugo	0	0	0	14	0	0	38	52	1.305	3,98%	NON	NON		N/A
Pastoriza, A	Lugo	16	38	0	12	0	0	3	69	2.810	2,46%	NON	NON		N/A
Pazos de Borbén	Vigo	0	0	0	10	0	0	33	43	2.993	1,44%	NON	NON		N/A
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	0	203	260	40	0	0	25	528	909	58,09%	NON	NON		N/A
Pereiro de Aguiar, O	Ourense	67	42	0	0	20	0	123	252	6.647	3,79%	NON	NON		N/A
Peroxa, A	Ourense	0	0	0	44	0	0	53	97	1.779	5,45%	NON	NON		N/A
Petín	Ourense	0	0	0	0	0	0	20	20	875	2,29%	NON	NON		N/A
Pino, O	A Coruña	99	630	849	53	112	53	224	2.020	4.553	44,37%	NON	NON		N/A
Piñor	Ourense	0	24	0	16	0	12	44	96	1.151	8,34%	NON	NON		N/A
Pobra de Trives, A	Ourense	59	136	146	83	153	272	28	877	1.977	44,36%	31/05/1999	SI	1	NON
Pobra do Brollón, A	Lugo	22	12	36	38	0	0	54	162	1.565	10,35%	NON	NON		N/A
Pobra do Caramiñal, A	A Coruña	93	62	0	25	799	42	641	1.662	9.227	18,01%	10/08/2004	SI	7	PSU
Poio	Pontevedra	1.145	89	26	48	0	527	2.369	4.204	17.297	24,30%	02/06/2000	SI	12	PSU
Pol	Lugo	0	8	0	0	0	0	13	21	1.582	1,33%	NON	NON		N/A

Concello	Delegación Territorial	Hoteles	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Ponte Caldelas	Pontevedra	23	46	0	20	0	0	261	350	5.553	6,30%	NON	SI	1	NON
Ponteareas	Pontevedra	63	18	0	48	240	0	256	625	23.154	2,70%	NON	SI	15	NON
Ponteceso	A Coruña	13	46	0	16	0	89	548	712	5.399	13,19%	NON	SI	3	PSU
Pontecesures	Pontevedra	23	10	53	0	0	0	61	147	3.096	4,75%	NON	NON		N/A
Pontedeume	Ferrol	126	201	20	20	405	46	332	1.150	7.520	15,29%	08/10/2001	SI	3	NON
Pontedeuva	Ourense	0	11	0	6	0	0	0	17	468	3,63%	NON	NON		N/A
Pontenova, A	Lugo	33	22	0	65	0	38	87	245	2.126	11,52%	NON	NON		N/A
Pontes de García Rodríguez, As	Ferrol	54	37	0	0	0	0	16	107	9.867	1,08%	NON	SI	8	BBRR
Pontevedra	Pontevedra	1.067	229	447	6	0	32	2.321	4.102	82.535	4,97%	NON	SI	109	NON
Porqueira	Ourense	0	0	0	0	0	14	6	20	841	2,38%	NON	NON		N/A
Porriño, O	Vigo	206	167	234	0	0	7	295	909	20.562	4,42%	NON	SI	16	NON
Portas	Pontevedra	0	0	26	0	0	0	84	110	2.823	3,90%	NON	NON		N/A
Porto do Son	A Coruña	59	105	0	12	980	24	1.135	2.315	9.125	25,37%	NON	SI	2	NON
Portomarín	Lugo	205	263	778	6	82	8	127	1.469	1.345	109,22%	07/07/2016	NON		N/A
Punxín	Ourense	38	0	0	0	0	0	15	53	751	7,06%	NON	NON		N/A
Quintela de Leirado	Ourense	0	16	0	0	0	0	0	16	607	2,64%	NON	NON		N/A
Quiroga	Lugo	42	81	150	28	0	23	122	446	3.099	14,39%	26/07/2005	SI	2	NON
Rairiz de Veiga	Ourense	18	0	0	34	0	0	28	80	1.220	6,56%	NON	NON		N/A
Ramirás	Ourense	0	10	0	14	0	0	12	36	1.521	2,37%	NON	NON		N/A
Redondela	Vigo	0	243	284	30	138	36	816	1.547	28.937	5,35%	NON	SI	24	NON
Rianxo	A Coruña	0	118	0	33	150	0	310	611	10.854	5,63%	08/08/2007	SI	8	NON
Ribadavia	Ourense	18	69	0	47	0	10	266	410	4.973	8,24%	28/02/2000	SI	6	NON
Ribadeo	Lugo	719	257	137	86	312	311	1.277	3.099	9.828	31,53%	31/05/1999	SI	12	NON
Ribadumia	Pontevedra	185	46	0	24	0	34	207	496	5.189	9,56%	NON	NON		N/A
Ribas de Sil	Lugo	38	0	0	0	0	0	34	72	914	7,88%	NON	NON		N/A
Ribeira	A Coruña	77	191	0	0	1.185	36	1.675	3.164	27.030	11,71%	08/10/2001	SI	25	NON

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Ribeira de Piquín	Lugo	21	14	0	0	0	33	0	68	497	13,68%	NON	NON		N/A
Ríós	Ourense	12	41	0	0	0	0	7	60	1.414	4,24%	NON	NON		N/A
Riotorto	Lugo	0	0	0	0	0	6	27	33	1.200	2,75%	NON	NON		N/A
Rodeiro	Pontevedra	0	37	0	0	0	0	32	69	2.260	3,05%	NON	NON		N/A
Roís	A Coruña	30	0	35	27	0	0	63	155	4.397	3,53%	NON	NON		N/A
Rosal, O	Pontevedra	0	29	0	30	0	0	293	352	6.431	5,47%	NON	SI	1	PSU
Rúa, A	Ourense	111	39	0	18	0	0	32	200	4.141	4,83%	NON	SI	2	NON
Rubiá	Ourense	0	0	0	0	0	0	36	36	1.384	2,60%	NON	NON		N/A
Sada	A Coruña	433	77	0	0	389	156	457	1.512	16.874	8,96%	NON	SI	13	NON
Salceda de Caselas	Vigo	0	35	0	11	0	0	57	103	9.421	1,09%	NON	SI	6	NON
Salvaterra de Miño	Vigo	19	0	0	17	0	0	139	175	10.274	1,70%	NON	SI	4	NON
Samos	Lugo	50	96	128	34	0	30	35	373	1.210	30,83%	27/06/2005	NON		N/A
San Amaro	Ourense	12	0	46	0	0	0	13	71	1.049	6,77%	NON	NON		N/A
San Cibrao das Viñas	Ourense	244	55	0	0	0	0	45	344	5.675	6,06%	NON	NON		N/A
San Cristovo de Cea	Ourense	0	45	119	0	0	0	21	185	2.003	9,24%	NON	NON		N/A
San Sadurniño	Ferrol	0	0	0	18	0	0	44	62	2.751	2,25%	NON	NON		N/A
San Xoán de Río	Ourense	0	0	0	0	0	37	5	42	518	8,11%	NON	NON		N/A
Sandiás	Ourense	0	22	20	0	0	0	12	54	1.134	4,76%	NON	NON		N/A
Santa Comba	A Coruña	94	9	0	0	14	0	77	194	9.342	2,08%	NON	SI	4	NON
Santiago de Compostela	A Coruña	5.702	2.515	1.755	92	1.673	283	4.200	16.220	98.687	16,44%	24/07/2002	SI	133	NON
Santiso	A Coruña	0	0	0	43	0	0	32	75	1.473	5,09%	NON	NON		N/A
Sanxenxo	Pontevedra	8.344	1.086	0	70	3.238	2.768	14.412	29.918	17.854	167,57%	31/05/1999	SI	25	PSU
Sarreus	Ourense	0	0	0	40	0	0	0	40	1.095	3,65%	NON	NON		N/A
Sarria	Lugo	282	491	1.094	36	371	64	687	3.025	13.221	22,88%	26/01/2011	SI	12	NON
Saviñao, O	Lugo	35	20	33	58	0	5	143	294	3.504	8,39%	NON	NON		N/A
Silleda	Pontevedra	260	132	224	74	0	0	142	832	8.876	9,37%	NON	SI	7	NON

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Sober	Lugo	100	10	0	51	35	69	311	576	2.178	26,45%	18/07/2014	NON		N/A
Sobrado	A Coruña	20	66	94	31	0	12	50	273	1.777	15,36%	NON	NON		N/A
Somozas, As	Ferrol	0	16	0	0	0	0	12	28	1.068	2,62%	NON	NON		N/A
Soutomaior	Vigo	84	0	91	22	0	0	233	430	7.603	5,66%	NON	SI	2	NON
Taboada	Lugo	0	18	18	6	0	15	42	99	2.657	3,73%	NON	NON		N/A
Taboadela	Ourense	159	0	0	0	0	0	23	182	1.487	12,24%	NON	NON		N/A
Teixeira, A	Ourense	10	58	0	15	0	0	69	152	342	44,44%	NON	NON		N/A
Teo	A Coruña	410	379	21	38	0	6	395	1.249	19.034	6,56%	NON	SI	10	NON
Toén	Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	2.378	0,00%	NON	NON		N/A
Tomiño	Pontevedra	53	45	0	41	0	20	440	599	13.836	4,33%	NON	SI	7	NON
Toques	A Coruña	0	16	30	12	0	0	12	70	1.074	6,52%	NON	NON		N/A
Tordoia	A Coruña	0	0	0	0	0	0	0	0	3.168	0,00%	NON	SI	2	NON
Touro	A Coruña	0	0	0	40	56	13	83	192	3.382	5,68%	NON	NON		N/A
Trabada	Lugo	0	13	7	50	0	0	122	192	1.107	17,34%	NON	NON		N/A
Trasmiras	Ourense	0	0	29	0	0	0	13	42	1.228	3,42%	NON	NON		N/A
Trazo	A Coruña	0	0	0	12	0	0	42	54	3.019	1,79%	NON	NON		N/A
Triacastela	Lugo	40	101	319	70	0	0	49	579	622	93,09%	NON	NON		N/A
Tui	Pontevedra	539	113	235	35	0	16	314	1.252	17.327	7,23%	28/02/2000	SI	11	NON
Val do Dubra	A Coruña	38	0	0	0	0	0	68	106	3.761	2,82%	NON	NON		N/A
Valadouro, O	Lugo	34	36	0	0	0	0	65	135	1.890	7,14%	NON	NON		N/A
Valdoviño	Ferrol	83	34	40	19	614	20	610	1.420	6.889	20,61%	NON	SI	4	NON
Valga	Pontevedra	65	5	76	17	0	23	61	247	5.704	4,33%	NON	NON		N/A
Vedra	A Coruña	78	42	56	31	0	0	115	322	5.019	6,42%	NON	NON		N/A
Veiga, A	Ourense	16	38	60	22	0	12	10	158	925	17,08%	08/10/2001	NON		N/A
Verea	Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	964	0,00%	NON	NON		N/A
Verín	Ourense	93	230	37	0	0	0	17	377	13.612	2,77%	NON	SI	15	NON
Viana do Bolo	Ourense	16	54	56	0	0	0	4	130	2.750	4,73%	NON	SI	3	NON

Concello	Delegación Territorial	Hoteis	Pensións	Albergues turísticos	Turismo rural	Campamentos de turismo	Apartamentos turísticos	Vivendas turísticas	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2023)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2024	Procesos selectivos 2024
Vicedo, O	Lugo	0	92	0	22	0	0	548	662	1.613	41,04%	NON	NON		N/A
Vigo	Vigo	4.805	673	189	0	657	386	6.914	13.624	293.652	4,64%	NON	SI	339	NON
Vila de Cruces	Pontevedra	81	54	0	65	0	0	108	308	5.082	6,06%	NON	SI	2	NON
Vilaboa	Pontevedra	109	15	0	48	0	21	330	523	5.950	8,79%	NON	SI	0	NON
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	365	125	0	24	287	44	2.138	2.983	37.689	7,91%	24/08/2004	SI	41	PSU
Vilalba	Lugo	260	244	123	0	0	2	121	750	13.870	5,41%	NON	SI	6	NON
Vilamarín	Ourense	12	16	0	9	0	0	11	48	1.866	2,57%	NON	NON		N/A
Vilamartín de Valdeorras	Ourense	67	18	44	0	0	0	12	141	1.851	7,62%	NON	NON		N/A
Vilanova de Arousa	Pontevedra	794	40	24	0	1.103	80	1.138	3.179	10.225	31,09%	NON	SI	7	NON
Vilar de Barrio	Ourense	0	0	20	0	0	0	24	44	1.201	3,66%	NON	NON		N/A
Vilar de Santos	Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	792	0,00%	NON	NON		N/A
Vilardevós	Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0	1.702	0,00%	NON	NON		N/A
Vilariño de Conso	Ourense	0	26	65	0	0	16	15	122	521	23,42%	NON	NON		N/A
Vilarmaior	A Coruña	0	8	68	22	0	0	49	147	1.234	11,91%	NON	NON		N/A
Vilasantar	A Coruña	0	12	30	0	0	0	6	48	1.232	3,90%	NON	NON		N/A
Vimianzo	A Coruña	0	101	0	12	0	18	407	538	6.840	7,87%	NON	SI	2	NON
Viveiro	Lugo	544	55	16	48	266	726	2.019	3.674	15.221	24,14%	28/02/2000	SI	8	NON
Xermade	Lugo	0	34	0	20	0	0	61	115	1.734	6,63%	NON	NON		N/A
Xinzo de Limia	Ourense	130	44	14	10	0	0	16	214	9.529	2,25%	NON	SI	14	NON
Xove	Lugo	0	34	0	10	6	0	444	494	3.330	14,83%	NON	NON		N/A
Xunqueira de Ambía	Ourense	0	28	20	14	0	0	14	76	1.368	5,56%	NON	NON		N/A
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	12	12	0	0	0	0	8	32	689	4,64%	NON	NON		N/A
Zas	A Coruña	14	43	0	0	199	0	116	372	4.308	8,64%	NON	SI	1	NON
TOTAL Galicia		57.898	24.720	16.535	6.629	33.958	11.830		269.497	2.694.674				2.204	

Datos sobre poboación (2023) e prazas de aloxamento (2024) obtidos da páxina web do Instituto Galego de Estatística

Lenda da columna "Comunicación procesos selectivos":

- BI: bases informadas. O concello ten convocado un proceso selectivo para a cobertura de postos de auxiliares de policía local e remitiu as bases reguladoras para a emisión de ditame pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- PSU: proceso selectivo unitario. O concello participa no proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2024 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local. Código de procedemento PR461A (DOG núm. 41, do 28 de febreiro).
- NON: o concello non está incluído en ningún dos dous supostos anteriores.

ANEXO II – MODELO DE CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE NOME CONCELLO PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, **NOME E APELIDOS**, alcalde/sa do concello de NOME CONCELLO, en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as partes, na calidade en que interveñen, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, está a de cooperación e colaboración, que pode levarse a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e coa subscripción de convenios, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

TERCEIRO. O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 101, do 27 de maio), configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Á súa vez, o artigo 29 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

CUARTO. Os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

QUINTO. Correspóndelle ás comunidades autónomas a coordinación das actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial, consonte a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade e a de réxime local, xa citada.

Neste marco básico, promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega.

No artigo 95 desta mesma lei prevese que se poderá incrementar transitoriamente o cadro de persoal mediante a contratación de efectivos con funcións de auxiliar de policía naqueles concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas.

SEXTO. O pasado **XX de XXXX de 2024** a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes aprobou o plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2024 destinado a concellos turísticos de Galicia con elevado incremento poboacional, de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 20 de outubro).

Neste plan establécese que, para canalizar as subvencións previstas, se formalizarán os correspondentes convenios de colaboración, mediante os que se contraerán, con cargo ao crédito orzamentario que legalmente proceda, os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para colaborar nas referidas contratacións.

Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, ao realizarse en desenvolvemento do plan específico de subvencións aprobado, onde se recollen as razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa de subvencións para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, naqueles concellos turísticos de Galicia cun maior incremento estacional de poboación vinculado ao seu carácter de destinos turísticos e á súa capacidade en prazas de aloxamento.

SÉTIMO. O concello de NOME CONCELLO atópase entre os municipios turísticos de Galicia con poboación igual ou superior a 5.000 habitantes (segundo datos do Instituto Galego de Estatística) que contan con corpo de policía local e dispoñen de maior número de prazas de aloxamento. Durante a tempada de verán, o incremento de poboación neste núcleo require un esforzo adicional para atender a demanda dunha seguridade pública municipal reforzada que responda con garantías a estas específicas condicións estacionais, mediante o recurso á contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía, figura recollida no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, xa citada.

As dificultades para afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán representan para as facendas municipais únense á necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos nun contexto de estabilidade orzamentaria no que se inscribe a acción de todas as administracións públicas, sen que a Administración Local constitúa unha excepción neste sentido.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos; neste sentido, atopa de interese reforzar a vixilancia e a seguridade nos municipios turísticos de Galicia con maior incremento poboacional estacional, co fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lles son propias durante a tempada de verán 2024 (xuño, xullo, agosto e setembro). Asemade, representa unha medida de apoio ao mantemento dun importante tecido

socioeconómico e da prestación de servizos, que redunda na mellora da calidade de vida local que é o ámbito máis próximo á cidadanía e que incide de xeito máis directo na vida da poboación.

A conxuntura descrita, a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no reforzamento da seguridade nos concellos turísticos con maior incremento poboacional estacional e, en definitiva, na eliminación de carencias nos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención ao concello de NOME CONCELLO, de conformidade co previsto no plan específico de subvencións citado no punto sexto da parte expositiva deste convenio.

OITAVO. O concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENO. Xa que logo, co fin de materializar a cooperación antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acorda subscribir o presente convenio de colaboración co concello de NOME CONCELLO para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2024, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o concello de NOME CONCELLO para aumentar a eficacia do seu corpo de policía local no desenvolvemento das funcións que lle son propias durante a tempada de verán 2024, mediante a contratación de auxiliares de policía local.

O custo total das contratacións ascende a **ORZAMENTO TOTAL** €, segundo o orzamento achegado pola entidade beneficiaria que se xunta como anexo a este convenio e forma parte del.

Segunda. Obrigas do concello beneficiario.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello beneficiario:

1. Cumprir o obxectivo, levar a cabo a actuación, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Cumprir o establecido nos artigos 95 e 96 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e demais normativa concordante.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Proceder ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación da actuación subvencionada.
 - O incumprimento da obriga de acreditar documentalmente a efectividade do pagamento dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, no prazo e na forma indicados na cláusula oitava deste convenio.
 - O exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda do gasto xustificado e efectivamente pagado polo concello reintegrarase nos termos do artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e coas estipulacións deste convenio.
 - O exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actuación reintegrarase nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - O incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Subministrar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización das actuacións ás que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de **IMPORTE SUBVENCIÓN EUROS (IMPORTE NÚM. €)** con cargo á aplicación orzamentaria 35.04.141A.460.0 (C.P. 2015 00095) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.
2. A achega pública fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que non se aboará máis que a cantidade xustificada co límite da subvención concedida, segundo o previsto no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Enténdese que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, de ser o caso.

Cuarta. Gastos subvencionables

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra ou tivera incorrido o concello para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro) do ano 2024, nos termos do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao período subvencionable.
2. O persoal auxiliar de policía local dependerá xuridicamente do concello beneficiario, que é a entidade contratante, e en ningún caso estes efectivos terán vínculo laboral nin doutro xénero coa Xunta de Galicia.

Quinta. Conta xustificativa

1. O concello beneficiario deberá acreditar a execución das actuacións subvencionadas para poder percibir o importe da subvención (ou o que corresponda no caso de non xustificar a totalidade do orzamento presentado) e, en todo caso, para xustificar a aplicación dos fondos percibidos mediante a presentación, asinada electronicamente, da seguinte documentación:
 - a. Declaración responsable asinada pola persoa representante do concello en que se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de

reintegro, para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia.

- b. Certificación emitida e asinada pola persoa secretaria do concello, na cal se faga constar:
- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello dos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención, que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador ou traballadora, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
 - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - De ser o caso, que na selección e contratación de efectivos se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección do persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, merito e capacidade.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a instrución deste procedemento, que é a Dirección Xeral de Administración Local, expedirá unha certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos exixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

Sexta. Prazos de execución e xustificación

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas é o 30 de setembro de 2024 e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2024.

Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do concello beneficiario ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, que esta sexa insuficiente ou incompleta, que se atopen deficiencias non emendables na documentación achegada, o incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra circunstancia que derive da normativa correspondente, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución da actuación subvencionada antes da finalización do prazo establecido e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma exixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:

- Non executar a actuación que fundamentou a concesión da subvención, que é a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán do exercicio 2024.
- Non acreditar na forma establecida na cláusula quinta que na contratación do persoal auxiliar de policía local se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- O incumprimento da obriga de acreditar a execución da actuación subvencionada antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. Considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, de conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. No entanto, cada concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, alínea a), no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso da subvención concedida na conta bancaria do concello beneficiario.
3. A efectividade dos pagamentos xustificarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - a) Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, documentos RNT e RLC da Seguridade Social, e copia do documento *Modelo 111. Retencións e ingresos a conta*, presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - b) Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante o xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos recibos de cargo en conta emitidos pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF (nos supostos en que este sexa subvencionable) e certificación emitida pola secretaría municipal na que conste que o importe desa retención vai incluída nos respectivos modelos 111 ou 190 presentados como xustificación do gasto.
4. Os xustificantes das transferencias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento.

5. Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal, asinado electronicamente, en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.
6. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da efectividade dos pagamentos realizados.

Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) O concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, no caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
- c) Se o custo efectivo final da actuación resulta inferior ao pagado, procederá o reintegro proporcional. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula sexta constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Modificación do convenio.

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, **a través da correspondente addenda** e de acordo cos trámites que exixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.
3. O concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes, ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; e xuntaralle a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7, que é a seguinte:
 - a) Memoria xustificativa, na cal se faga constar que non se desvirtúa a actuación subvencionada, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

- b) Orzamento ou actuación modificada.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.

Décimo primeira. Compatibilidade con outras subvencións

1. A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
2. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

Décimo segunda. Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do concello, para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os seus membros por maioría simple e actuará como persoa secretaria quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta de addendas, de ser o caso
 - Resolver cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.

- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2024.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento e as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.
2. Comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo oitava. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo sétima. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Alcalde/sa de NOME CONCELLO

Diego Calvo Pouso

Nome e apelidos alcalde/sa